

MATERIA
Economía da Educación

TITULACIÓN
Grao en Pedagogía

unidade
didáctica
2

Análise e estudo do vocabulario económico e da Economía da Educación

María González Blanco
M^a Esther Olveira Olveira

Área de Teoría e Historia da Educación
Departamento de Pedagogía e Didáctica
Facultade de Ciencias da Educación

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2023

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

<https://www.usc.gal/publicacions>

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419679697>

MATERIA: Economía da Educación

TITULACIÓN: Grao en Pedagogía

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

BLOQUE TEMÁTICO I: TERMO DE ECONOMÍA DA EDUCACIÓN

Unidade I. Introducción á materia de Economía da Educación

Presentación do programa da materia

Directrices xerais sobre a metodoloxía que se debe seguir e as tarefas para realizar

Presentación do organigrama da materia

Unidade II. Análise e estudo do vocabulario económico e da Economía da Educación

O termo de economía da educación

Clasificación da economía da educación

Contidos da economía da educación

Funcións da economía da educación

Historia da economía da educación en España

Metodoloxía heurística da Economía da Educación

Unidade III. A planificación educativa

Planificación da educación: o enfoque clásico e o enfoque democrático

Termo de planificación da educación

Clasificación da planificación educativa

Fases e obxectivos da planificación educativa

Modelos teóricos da planificación educativa

BLOQUE TEMÁTICO II: FINANCIAMENTO DA EDUCACIÓN

Unidade IV. Os custos e o financiamento en educación

Custo e financiamento da educación

Concepto e tipos de custo

O financiamento de carácter público e privado

Fontes de financiamento

O financiamento sectorial da educación

Unidade V. Modelos económicos e educación

Modelos de Economía da Educación

Modelo de crecemento e desenvolvemento

Modelo produtivista

Modelo de desenvolvemento humano

Unidade VI. O financiamento no eido educativo

- Modos de financiamento e gastos na ensinanza superior
- A actividade financeira das universidades
- Transformación de taxas académicas en prezos públicos
- Outros ingresos das universidades

BLOQUE TEMÁTICO III: TEMAS EMERXENTES EN ECONOMÍA DA EDUCACIÓN

Unidade VII. O plan estratéxico da USC

- O plan estratéxico da USC
- Como se elabora o plan estratéxico
- Proceso de elaboración do plan estratéxico da USC

Unidade VIII. Economía social e solidaria

- Delimitación terminolóxica da Economía Social e Solidaria
- Banca ética
- Terceiro sector
- Fundacións
- Organizacións non gobernamentais

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OS OBXECTIVOS

A METODOLOXÍA

OS CONTIDOS

1. O termo de Economía da Educación
2. Clasificación da Economía da Educación
3. Contidos da Economía da Educación
4. Funcións da Economía da Educación
5. Historia da Economía da Educación en España
6. Metodoloxía heurística da Economía da Educación

AS ACTIVIDADES PROPOSTAS NA MATERIA

AS ACTIVIDADES PROPOSTAS NA UNIDADE DIDÁCTICA

A AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

BIBLIOGRAFÍA

- Bibliografía básica
- Bibliografía complementaria

ANEXOS

- Anexo 1. Listaxe de temáticas propostas
- Anexo 2. Exemplo da actividade proposta
- Anexo 3. Rúbrica de avaliación do mapa conceptual
- Anexo 4. Rúbrica de avaliación da actividade relacionada coas novas de prensa

PRESENTACIÓN

A Unidade Didáctica que se presenta está destinada á materia de Economía da Educación, que se imparte no primeiro curso do Grao en Pedagogía, concretamente no primeiro semestre. A titulación do Grao en Pedagogía conta cun total de 60 créditos de formación básica, que se distribúen no primeiro curso nun total de 10 materias de 6 créditos ECTS entre as que se atopa a de Economía da Educación.

A disciplina académica de Economía da Educación impártase tanto en clases expositivas como en clases interactivas, dunha hora e media de duración, cunha sesión en cada modalidade descrita. A materia insírese dentro do plan de estudos no módulo de Economía e é a única materia que constitúe dito módulo.

A materia de Economía da Educación tamén forma parte do plan de estudos do Grao en Educación Social, pero nesta titulación a materia impártase no segundo semestre. Igualmente, a materia no Grao en Educación Social, é unha materia de formación básica de 6 créditos ECTS, que se distribúen en clases expositivas e en clases interactivas dunha hora e media de duración cunha sesión semanal en cada modalidade descrita. E da mesma forma que no Grao en Pedagogía, a materia dentro do plan de estudos do Grao en Educación Social pertence ao módulo de Economía como única materia.

A unidade didáctica seleccionada é relevante por diversos motivos, xa que supón unha introdución aos contidos fundamentais da materia, sendo unha primeira achega aos termos esenciais cos que o alumnado debe familiarizarse e manexar ao longo do semestre. Ademais, tamén se abordan outros aspectos importantes como a clasificación, os contidos, as funcións, a historia, as finalidades ou a metodoloxía heurística da Economía da Educación. Trátase dunha unidade imprescindible que serve de base para facilitar a abordaxe dos coñecementos das seguintes unidades didácticas planificadas.

Os contidos afondan en primeiro lugar no significado do termo de Economía da Educación e na súa clasificación básica (economía teórica, econometría da educación, macroeconomía e microeconomía da educación). En segundo lugar, preséntase unha perspectiva xeral sobre os principais contidos que se relacionan coa Economía da Educación, entre eles están, por exemplo: os custos da educación, o financiamento ou a planificación educativa. En terceiro lugar, preséntanse as funcións fundamentais da Economía da Educación. En cuarto lugar, faise un breve percorrido histórico sobre as etapas máis relevantes na historia da Economía da Educación, destacando os períodos máis significativos nos diversos contextos (Occidente e España). E, en quinto e último lugar, realízase un achegamento á metodoloxía heurística, concretamente, abórdanse de forma xeral os principais métodos que se empregan no eido da Economía da Educación (métodos econométricos e cualitativos).

OS OBXECTIVOS

Dentro da materia de Economía da Educación hai que distinguir en primeiro lugar o obxectivo xeral formulado, e en segundo lugar os obxectivos específicos. Neste senso, o obxectivo xeral proposto é o seguinte:

- **Obxectivo xeral 1:** Comprender os contidos e os termos fundamentais referentes á Economía da Educación.

No referente aos obxectivos específicos propóñense un total de oito que se detallan a continuación:

- **Obxectivo específico 1:** Lograr unha comprensión xeral da materia, do seu significado, clasificación, contidos, funcións, evolución histórica e metodoloxía.
- **Obxectivo específico 2:** Dominar, comprender e manexar os principais termos que se aborden na unidade didáctica.
- **Obxectivo específico 3:** Utilizar de forma axeitada a linguaxe específica do eido da Economía da Educación nas tarefas solicitadas.
- **Obxectivo específico 4:** Desenvolver competencias básicas para a busca de información documental.
- **Obxectivo específico 5:** Fomentar o traballo en pequenos grupos para a realización dos traballos monográficos.
- **Obxectivo específico 6:** Explicar e presentar de forma clara e concisa o traballo realizado ante o grupo-clase.
- **Obxectivo específico 7:** Desenvolver habilidades de reflexión crítica nas tarefas realizadas.
- **Obxectivo específico 8:** Desenvolver habilidades fundamentais de expresión oral e escrita.

Ademais dos obxectivos, as competencias do programa que se abordan nesta unidade didáctica son as seguintes:

- **CB1:** Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e pódense encontrar a un nivel que, se ben apoiase en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
- **CX2:** Ter capacidade para analizar as realidades socio-políticas, económicas, educativas, culturais e lingüísticas nas que se desempeña o labor profesional dos/as pedagogos/as, tanto en termos diagnósticos como prospectivos.
- **CT2:** Relacionarse con outras persoas e grupos, con especial énfase no traballo en equipo e na colaboración con outros profesionais.
- **CE1.1:** Coñecer o mundo educativo e laboral.

A METODOLOXÍA

Para levar a cabo a materia, combinaranse tanto sesións expositivas como sesións interactivas. Nas clases expositivas impartidas pola docente, afondarase en aspectos esenciais que axuden a obter unha perspectiva xeral de cada tema abordado, co fin de facilitar un achegamento e unha mellor comprensión dos termos fundamentais e dos contidos temáticos que compoñen o programa da materia.

Nestas sesións, empregaranse presentacións dixitais como material de apoio para o estudo do alumnado e documentos específicos de lectura que serán detallados en cada tema. Os recursos empregados nas sesións, presentacións e documentos, serán facilitados ao alumnado, sempre que sexa posible, a través da aula virtual da materia. Ademais, nestas sesións de clase, o alumnado realizará pequenas prácticas de aula que a docente explicará en cada clase e serán feitas e entregadas no mesmo día.

Como tarefa complementaria nas sesións expositivas tamén se lle explicará e se lle solicitará ao alumnado a realización dunha ou dúas lecturas obrigatorias que se elixirán para cada curso académico.

Nas clases interactivas, o alumnado terá un rol máis activo, e coas pertinentes orientacións da docente afondará en cuestións temáticas máis específicas relacionadas cos contidos das sesións expositivas ou outros contidos que se abordasen de forma moi xenérica nas clases expositivas e requiran dun maior tratamento.

Nas sesións interactivas, o alumnado realizará un traballo monográfico centrado en temáticas específicas propostas pola docente. A listaxe temática será presentada ao inicio do curso ao alumnado, para que saiba de antemán que contidos teóricos se traballarán. Para levar a cabo estes traballos, o alumnado constituirá de forma libre pequenos grupos, de máximo 4 persoas. A asignación dos temas para o traballo monográfico realizarase de forma aleatoria ao inicio do curso. Así mesmo, a docente facilitará as oportunas indicacións sobre as normas que deben cumprir os traballos (a nivel de formato e de contidos) e proporcionalle ao alumnado unhas referencias documentais básicas para o tema asignado para o traballo monográfico.

Durante o semestre, a docente levará a cabo un seguimento dos traballos do alumnado e nas últimas sesións, que se detallarán na presentación do organigrama da materia ao inicio do curso, o alumnado dos diferentes grupos terá que expoñer ante a clase o traballo realizado nas sesións interactivas.

A grandes trazos, o traballo monográfico consiste en desenvolver un tema específico relacionado coa Economía da Educación, no cal se aborden epígrafes clave dos contidos da materia e se xere un documento de carácter didáctico que será posteriormente material para o estudo da materia.

De forma xeral, esta unidade didáctica e a materia no seu conxunto baséase nos principios de participación activa e aprendizaxe experimental, tratando de fomentar unha maior comprensión, interiorización e adquisición de coñecementos e de competencias. Non obstante, para facilitar o proceso de ensino-aprendizaxe o alumnado disporá do horario de atención de titorías das docentes e do contacto mediante o correo electrónico, sendo ambos os recursos un apoio de utilidade para dar as orientacións oportunas por parte do persoal docente e resolver as dúbidas por parte do alumnado.

OS CONTIDOS

Os coñecementos que abrangue a materia de Economía da Educación comprenden os seguintes bloques de contido:

- I Análise do estudo do vocabulario económico e da Economía da Educación
- II Planificación da educación
- III Custo e financiamento da educación
- IV Modelos de Economía da Educación
- V Modos de financiamento e gastos no ensino superior
- VI O plan estratéxico da USC
- VII Temas emerxentes en Economía da Educación

Os contidos básicos da unidade didáctica que se detallan á continuación nas distintas epígrafes, teñen como referencia principal para a súa elaboración o estudo de Feroso (1997), que é un dos manuais de consulta das referencias do programa da materia.

1. O termo de Economía da Educación

Segundo a Feroso (1997), o significado do termo de economía deriva de dúas palabras de orixe grega. Por unha banda a palabra «oikía» que significa «casa», e por outra banda a palabra «nomía» que significa «costume». A unión de ambas as palabras implica como resultado o significado de «administración da casa». Non obstante, en relación ao termo de Economía da Educación, este adoita definirse como unha ciencia social que xestiona e administra a educación dunha maneira sinxela.

Dende un punto de vista descritivo a Economía da Educación é unha ciencia social aplicada, que investiga e estuda a dimensión económica e as posibles alternativas conducentes para que os recursos materiais e financeiros limitados produzan e satisfagan a necesidade e o dereito que teñen á educación as persoas, os grupos e as institucións (Feroso, 1997). Por conseguinte, trátase dun saber científico, que de forma sistematizada trata de describir o seu obxecto formal que é a tarefa económica da educación.

Así mesmo, concíbese que o obxecto de estudo desta materia se centra en dous aspectos fundamentais. Deste xeito, enfócase na análise da educación concibida como un elemento de desenvolvemento económico e no estudo de aspectos clave no eido educativo (por exemplo: custos, financiamento ou planificación educativa) (Pineda, 2001).

Esta materia é unha ciencia auxiliar da Pedagogía que axuda á xustificación e fundamentación desta. Porén, non é un saber pedagóxico, senón científico, tal e como se indicou anteriormente, e polo tanto non é unha ciencia que normatice sobre como se debe facer a educación.

2. Clasificación da Economía da Educación

No eido da Economía da Educación adoita seguirse unha clasificación derivada da economía xeral que é aplicable a esta disciplina académica. Neste senso, distínguense as seguintes tipoloxías de economía:

- **Economía teórica da educación:** trátase da economía pura, que ten como obxectivo principal fundamentar esta disciplina e interpretar de forma fundamentada os feitos e aspectos económicos da educación. Esta disciplina adoita focalizarse en contidos relacionados co financiamento ou a planificación da educación e constitúese como unha base fundamental para análises posteriores neste eido.
- **Economía matemática ou econometría da educación:** a economía da educación considérase econometría cando cuantifica e aplica estatísticos e fórmulas matemáticas ó estudo económico da educación.
- **Macroeconomía da educación:** é unha disciplina que se ocupa do estudo das relacións xerais entre a economía e a educación.
- **Microeconomía da educación:** é unha disciplina que se focaliza na investigación dos aspectos económicos das institucións educativas, tanto das que pertencen ao eido público como ao eido privado.

3. Contidos da Economía da Educación

Os principais contidos que se abordan na materia de Economía da Educación agrúpanse en seis bloques específicos:

- **Cuestións epistemolóxicas:** céntrase na abordaxe da tipoloxía de coñecementos que constitúen esta disciplina e o seu status epistemolóxico.
- **Custos da educación:** estuda os diferentes tipos de custos derivados da educación formal ou non formal.
- **Financiamento da educación:** analiza o rol dos axentes (familia, administracións públicas e privadas) implicados na educación, unha vez coñecidos os custos, buscan a forma de afrontalos.
- **Planificación da educación:** focalízase nas tarefas de previsión e prospectiva encamiñadas á elaboración de proxectos educativos a medio ou a longo prazo.
- **Produtividade da educación:** examina a rendibilidade dos recursos empregados no eido educativo.
- **Educación, traballo e emprego:** son as áreas máis estudadas no eido da Economía da Educación, onde se focaliza o interese no estudo da busca da maior eficacia do sistema educativo para a preparación das persoas para a inserción laboral.

4. Funcións da Economía da Educación

As principais funcións da Economía da Educación son: concienciar, motivar, axudar, formar e responsabilizar aos diferentes colectivos implicados no eido educativo, social e institucional. De forma xeral, o que se pretende é facer extensible o coñecemento da disciplina de Economía da Educación ás persoas educadoras, ao alumnado, ás familias e ás administracións públicas, co fin de que sexan máis conscientes da relevancia que ten a economía no mundo educativo e que aproveiten mellor os recursos e que o tempo escolar sexa máis valorado. Así mesmo, tamén se agarda que as institucións públicas faciliten recursos económicos ás familias e se forme aos pedagogos e pedagogas para que adquiran competencias específicas e poidan participar en grupos multi-profesionais con persoas expertas de diversas disciplinas académicas.

5. Historia da Economía da Educación en España

A orixe da disciplina da Economía da Educación enmárcase dentro do contexto xeográfico dos países anglosaxóns, concretamente do Reino Unido e de Norteamérica. Esta incursión da Economía tivo a súa orixe a través de breves alusións aos custos e ao financiamento da educación nos orzamentos do Estado deses países. Non será ata a década dos anos cincuenta do século XX, tras o conflito bélico da Segunda Guerra Mundial, cando a Economía da Educación pase a integrarse nos estudos de Pedagogía.

Seguindo a Feroso (1997), existen unha serie de períodos destacados na orixe e desenvolvemento da Economía da Educación, tanto en Occidente como en España, que axudan a comprender a evolución desta disciplina ao longo do tempo e o incremento da súa notoriedade e relevancia no eido científico, educativo e social.

En Occidente, distingue catro períodos fundamentais:

- A incubación (1776-1950)
- A planificación e o desenvolvemento (1951-1970)
- Maior carácter científico (1971-1999)
- Actualidade (2000-)

En España:

A Economía da Educación conta cun menor percorrido histórico que o dos países anglosaxóns. Pese a isto, Feroso (1997) describe unha serie de etapas relevantes no eido da Economía da Educación no contexto español:

- Incubación (1960-1970)
- Planificación e desenvolvemento (1971-1980)
- Consolidación e maior carácter científico (1981-1999)
- Actualidade (2000-)

6. Metodoloxía heurística da Economía da Educación

A economía adoita empregar diversos métodos cuantitativos que fan que se converta nunha disciplina denominada econometría, na cal se adoitan utilizar análises matemáticas e estatísticas e que no caso da educación este tipo de economía deriva na coñecida como Econometría da Educación.

Esta materia caracterízase polo uso de estatísticos específicos, polo emprego da racionalidade tecnolóxica e pola xeneralización da verdade verificada ou falseada.

Dentro dos métodos cuantitativos empregados hai que facer alusión aos métodos multivariados que implican diversas análises estatísticas (por exemplo: análise de continxencia, análise de conglomerados, análise factorial, etc.).

Ademais dos métodos cuantitativos, tamén son utilizados no eido económico os métodos cualitativos que se adoitan empregar para o estudo de tarefas relacionadas coa planificación e prospección educativa, coa formación e co emprego.

Outros métodos utilizados son o método histórico ou o método comparativo. No caso do método histórico este adoita destinarse ao estudo de acontecementos económicos con perspectiva temporal, por exemplo ciclos económicos e no caso do método comparativo, este adoita encamiñarse á análise de contrastes económicas, como por exemplo, a análise de diferenzas entre a xestión educativa de diferentes institucións.

AS ACTIVIDADES PROPOSTAS NA MATERIA

Antes de describir as tarefas propostas na unidade didáctica, cómpre destacar primeiramente as actividades que se solicitan ao alumnado na materia xa que unha delas vaise ir realizando ao longo das diversas unidades temáticas. Neste senso, as actividades que se contemplan na materia son:

Nas sesións expositivas: presentación e desenvolvemento dos contidos teóricos detallados nas epígrafes 1 ata 4 e realización de pequenas prácticas na aula. Estas prácticas consisten fundamentalmente en realizarlle ao alumnado, durante o transcurso das sesións expositivas, breves preguntas sobre os contidos impartidos, de maneira que se poidan recoller por escrito as súas achegas sobre os coñecementos que van adquirindo. Ademais, tamén está previsto, que nestas sesións expositivas, se realicen dúas lecturas e se entregue unha recensión dos contidos fundamentais nas datas indicadas ao inicio do semestre. Outras actividades formativas que se poderán levar a cabo nas clases expositivas son:

- Estudo de casos
- Resolución de problemas
- Simulacións
- Traballo en grupo
- Deseño de proxectos
- Traballo autónomo

Nas sesións interactivas: presentación, desenvolvemento e realización dos traballos monográficos en grupos de máximo 4 alumnos e alumnas. A temática dos traballos será elixida ao azar polo alumnado de entre unha serie de temas propostos pola docente¹. Ademais do traballo escrito, de máximo 10 páxinas, o alumnado terá que expoñelo ante o grupo-clase nas datas que se determinen ao inicio do semestre co apoio dunha presentación dixital. Na elaboración do traballo monográfico tamén se lle solicitará ao alumnado que deseñe dúas actividades (unha individual e outra grupal) para que as expoñan ao grupo-clase e así mesmo que dos contidos que aborden no traballo redacten un total de 10 preguntas tipo test de resposta única que se poderán incorporar modificadas á batería de preguntas do exame final da materia.

AS ACTIVIDADES PROPOSTAS NA UNIDADE DIDÁCTICA

Nas Sesións interactivas: propóñense tres actividades concretas para esta unidade didáctica:

- **Actividade nº 1:** A realización dun mapa conceptual, a modo de síntese, cos contidos abordados na unidade didáctica. Esta tarefa constará de catro seccións básicas: unha introdución, o mapa conceptual deseñado, as reflexións sobre os contidos abordados, as conclusións e as referencias documentais empregadas. Nesta tarefa o alumnado terá que construír un mapa conceptual dun total de 16 termos (6 obrigatorios e 10 elixidos de forma libre polo alumnado en relacións aos contidos da unidade) e unha vez realizado terán que redactar unha breve parte de reflexión sobre a importancia dos termos seleccionados dentro da materia e unhas conclusións ao redor da propia práctica solicitada.
- **Actividade nº 2:** A lectura de titulares de novas de prensa e a clasificación dos enunciados nas distintas ramas da Economía da Educación e os contidos da disciplina². A docente facilitará ao alumnado unha serie de titulares de prensa, cos cales se traballará na aula para identificar os contidos que tratan.
- **Actividade nº 3:** Inicio dos índices dos traballos monográficos.

A AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

Para avaliar o logro dos obxectivos e das aprendizaxes por parte do alumnado, levárase a cabo unha avaliación que contempla unha distribución da cualificación nas distintas actividades que se especifican a continuación:

¹ No Anexo 1 pode consultarse a lista dos títulos das temáticas seleccionadas para a realización dos traballos monográficos. Considérase que esta listaxe pode ser aberta e modificable nos distintos cursos académicos, co fin de proporcionar unha ampla selección temática de interese para o alumnado.

² No Anexo 2 pode consultarse un exemplo da actividade proposta.

- **Exame:** 50 % da nota final. Realizarase unha avaliación dos contidos da unidade didáctica no exame final da materia.
- **Prácticas de aula:** 5 % da nota final.
- **Dúas lecturas obrigatorias:** cada unha cunha porcentaxe de 10 % como máximo da nota final.
- **Traballo monográfico:** 25 % da nota final. Realizarase sobre os contidos propostos pola docente e valoraranse os seguintes ítems:
 - O texto escrito
 - A presentación (dixital e oral)
 - As prácticas de aula deseñadas (individual e grupal)
 - As preguntas tipo test deseñadas sobre os contidos do traballo
 - O seguimento

Esta avaliación será de aplicabilidade para o alumnado que conte cun mínimo dun 80% de asistencia ás sesións expositivas e interactivas da materia. De forma máis detallada, as técnicas, os instrumentos, os criterios e o peso porcentual de cada actividade aparecen reflectidos na Táboa 1 que se mostra a continuación.

Táboa 1. Avaliación das actividades da unidade didáctica

Técnicas de avaliación	Instrumentos de avaliación	Criterios de avaliación	Peso na avaliación
Práctica de aula: mapa conceptual	Rúbricas	-Entrega en prazo -Calidade e tratamento dos contidos abordados -Orixinalidade	5 %
Práctica de aula: lectura e análise de novas de prensa	Rúbricas	-Entrega en prazo -Calidade e tratamento dos contidos abordados -Orixinalidade	5 %
Práctica de aula: índices dos traballos	Ficha de rexistro	-Calidade no deseño, contido e formato -Entrega en prazo	*Avaliación conxunta co traballo monográfico que supón o 25 %

No referente á avaliación das actividades propostas para esta Unidade Didáctica (mapa conceptual e lectura e análise de novas de prensa) empregaranse dous instrumentos específicos: unha rúbrica concreta para cada unha delas. A puntuación máxima de cada tarefa será de 1 punto para o mapa conceptual e de 0,5 puntos para a actividade relacionada coas novas de prensa. As rúbricas propostas para ambas actividades poden consultarse nos Anexos 3 e 4.

No que respecta á actividade de elaboración dos índices dos traballos monográficos, tendo en conta que os mesmos serán realizados ao longo das diversas unidades temáticas, non se procederá a avalialos cunha cualificación, senón que só se realizarán orientacións e un seguimento que se rexistrará nunha ficha correspondente a cada grupo na cal se irán tomando anotacións sobre a evolución dos traballos que serán avaliados ao final do semestre.

BIBLIOGRAFÍA

Nesta listaxe de referencias documentais móstranse unha serie de libros básicos para a consulta e o traballo nas actividades nesta primeira unidade didáctica. Esta listaxe debe ser contemplada con certa flexibilidade, tendo en conta a posibilidade de engadir e ampliar os materiais de consulta en función das actividades realizadas en cada curso académico e as necesidades do alumnado.

Bibliografía básica

CARNOY, M. (2006): *Economía de la educación*, UOC.

FERMOSO ESTÉBAZ, Paciano (1997): *Manual de Economía de la Educación*, Madrid, Narcea.

LASSIBILLE, G. e NAVARRO GÓMEZ, M. L. (2004): *Manual de Economía de la Educación. Teoría y casos prácticos*. Madrid, Pirámide.

MORENO BECERRA, J.L. (1998): *Economía de la Educación*, Madrid, Pirámide.

OROVAL PLANAS, E. e ORIOL ESCARDÍBUL, J. (1998): *Economía de la Educación*, Madrid, Ediciones Encuentro.

PINEDA HERRERO, P. (2001). Economía de la Educación: una disciplina pedagógica en pleno desarrollo. *Teoría de la Educación* (12), pp. 143-158.

SALAS VELASCO, M. (2008): *Economía de la Educación*, Madrid, Pearson Educación.

SAN SEGUNDO, M^a. J. (2000): *Economía de la Educación*, Madrid, Síntesis.

Bibliografía complementaria

CORDERO FERREA, J. M., GIL IZQUIERDO, M. e LÓPEZ TORRES, L. (2021): *Economía de la educación*, Madrid, Síntesis.

GERAINT, J. e SÁEZ FERNÁNDEZ, F. (1995): *Economía de la educación. Capital humano, rendimiento educativo y mercado de trabajo*, Madrid, Ministerio de Trabajo y Seguridad Social.

GIMENO, J. A., GONZÁLEZ, M. C., GUIROLA, J. M. e RUIZ HUERTA, J. (2011): *Principios de economía*, España, McGraw-Hill.

TRIAS DE BES, F. (2015): *El libro prohibido de la Economía*, Madrid, Espasa.

ANEXOS

Anexo 1. Listaxe de temáticas propostas

Listaxe de temas propostos para a realización dos traballos monográficos
TEMA N.º 1: O POR QUE DUN PLAN ESTRATÉXICO?
TEMA N.º 2: O CAPITAL HUMANO
TEMA N.º 3: DO CRECEMENTO ECONÓMICO AO DESENVOLVEMENTO HUMANO
TEMA N.º 4: MODELO DE DESENVOLVEMENTO HUMANO
TEMA N.º 5: MODELO PRODUTIVISTA
TEMA N.º 6: EDUCACIÓN, TRABALLO E EMPRESA
TEMA N.º 7: MERCADO DE TRABALLO E PROFESORADO DA USC
TEMA N.º 8: AS FUNDACIÓNS
TEMA N.º 9: UNIVERSIDADE, SOCIEDADE E EMPRESA
TEMA N.º 10: VOLUNTARIADO E ECONOMÍA SOCIAL

Anexo 2. Exemplo da actividade proposta

Titular de prensa	Clasificación: Rama da Economía	Contidos de Economía
«España es el segundo país de la UE con mayor tasa de universitarios en paro pero hay plazas en carreras con empleo que no se cubren» (El Mundo, 14/12/2022)		
«Educación mantendrá los desdobles y refuerzos por Covid hasta final de curso» (Europapress, 02/11/2021)		
«El gasto en educación crece un 70% gracias a los 1.800 millones de ayudas europeas» (El País, 28/10/2020)		

Anexo 3. Rúbrica de avaliación do mapa conceptual

Actividade: mapa conceptual		
Nº de grupo:		
Máximo 1 punto (mínimo 0,5 puntos)		
Ítems valorados	Peso	Nota final
Aspectos formais: -Máximo 6 páxinas -Tipo de letra e interliñado -Texto xustificado e paxinado -Portada con toda a respectiva información -Índice (debidamente numerado e paxinado) -Textualización (calidade na escrita e sen erros ortográficos)	0,10	
Mapa conceptual: -Selección de 6 termos obrigatorios -Incorporación de 10 termos (en total 16 termos) -Ordenación do máis xeral ao máis específico -Enlazar os termos con liñas, frechas e palabras de ligazón (relacións establecidas)	0,35	
Reflexión grupal: -Comentario crítico e reflexivo, que argumente e xustifique a selección dos termos -Comentario apoiado en referencias	0,45	
Referencias e citas (norma APA 7ª Edición)	0,10	
Puntuación total	1	
Observacións:		

Anexo 4. Rúbrica de avaliación da actividade relacionada coas novas de prensa

Actividade: Titulares de prensa e relación/s coa Economía		
Nº de grupo:		
Máximo 0,5 puntos (mínimo 0,25 puntos)		
Ítems valorados	Peso	Nota final
Clasificación correcta dentro da rama ou ramas da Economía	0,15	
Contidos -Coherencia, claridade e argumentación	0,30	
Aspectos formais -Presentación e redacción	0,05	



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA